



# Mesa Sectorial

febreiro 2010

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do ensino de Galiza

## OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2010

A oferta de emprego público presentada hoxe na mesa sectorial, non para a súa negociación, senón para a súa asunción, é cualificada polo STEG de exígua, ademais de criticar as formas que utiliza a Administración para dala a coñecer. Os medios de comunicación xa avanzaron, a fin de semana pasada, os datos dunha OEP que, casualmente, coinciden coa formulada hoxe, na mesa de negociación, pola Administración. Non é de recibo que a coñezan antes os medios que os e as representantes do profesorado nin que o número global de prazas ofertadas non poidan ser modificadas (permítense achegas para variar prazas, dentro do mesmo cómputo global, nas próximas 48 horas) nin que a dean a coñecer, na páxina web da consellaría, no mesmo momento en que as OOS nos sentamos á mesa para "negocialas". **O STEG a isto non o chama negociación, senón imposición.**

Sendo, como é, unha prioridade deste momento económico no que nos atopamos, a creación de emprego, esta Administración non o crea no número que, entendemos, debería. Para o corpo de mestres, créanse 558 prazas e houbo arredor de 380 xubilacións. Deberían saír moitas máis prazas se este goberno, como aduce noutras ocasións, quere cumprir co seu programa electoral (redución da

ratio en infantil até os 15 alumnos/as por aula). Non se necesitará máis profesorado para tal finalidade?

Para o corpo de Secundaria e FP, a oferta tamén é moi reducida, tendo en conta que o curso pasado non houbo oferta para estes colectivos. En secundaria houbo arredor de 160 xubilacións e a oferta é de 212 prazas (practicamente non hai emprego de nova creación).

**Unha maior oferta de emprego sería necesaria para mellorar a calidade do ensino público (baixada de ratios, atención á diversidade, desdobres...) e para a creación de novos centros educativos públicos, reducindo paulatinamente os concertos educativos.**

Ademais segue sen ir acompañada dun **proceso de estabilidade para o profesorado interino** polo que se converterá nunha oferta de substitución e non nunha verdadeira oferta que aumente os cadros de persoal. A oferta seguirá a provocar que numeroso profesorado con moitos aos de servizo prestado, como vén acontecendo estes anos, perda o seu posto de traballo. Por este motivo é imprescindible que toda oferta de emprego vaia acompañada dun proceso de estabilidade que garanta o posto de traballo a este colectivo.

Secretariado Nacional do STEG  
febreiro 2010